



Malasombra presenta a obra de teatro "O día do pai"

Ficha artística da obra:

Compañía: Malasombra producións

Título de espectáculo: O día do pai

Público: Adulto (maiores de 16 anos)

Xénero: Comedia

Duración: 70 minutos

Intérpretes: Gabriel Estrada, Jouse García, Alberto Rolán e Xoque Carbajal

Autoría: Ana Graciani e Gabriel Olivares

Tradución: Teresa González Costa

Escenografía: Ana Tusett

Iluminación: Xoque Carbajal

Dirección: Marcos Orsi

SINOPSE:

Tres homes de aspecto e condición social moi distintos, foron citados nunha clínica de reprodución asistida.

Descoñecen o motivo, pero sospeitan -temen- que foron citados para seren obxecto dunha proba de paternidade. Están convencidos de que non teñen nada en común, pero han descubrir axiña que os tres mantiveron unha relación coa mesma muller que os vai someter a unha delirante "proba de paternidade".

Manuela decidiu ser nai solteira e busca un pai solteiro. Cal dos tres será o máis axeitado para converterse en pai?

"O Día Do Pai" é unha comedia trepidante sobre esta singular loita de espermatozoides por conquistar o óvulo. Todos loitarán por conseguir o mesmo obxectivo. Pero, quen será o máis axeitado?

Selección natural nunha clínica de reprodución artificial.

Pero, de verdade: ¿Por que os homes queren ser pais?
